



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



**CIRCULAR 4/2007, DA DIRECCIÓN XERAL DE
FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS,
POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA A
ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DOS
CONSERVATORIOS SUPERIORES DE MÚSICA**



1. **Introdución**

O artigo 2 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, establece que os conservatorios de música se rexerán polo devandito regulamento e polas normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas.

A especificidade dos conservatorios superiores de música da nova ordenación do sistema educativo fai necesaria unha estrutura organizativa acorde tanto co mencionado regulamento orgánico como coa natureza das ensinanzas propias do grao superior de música.

En consecuencia, a presente circular regula soamente ámbitos moi específicos dos conservatorios superiores de música, polo que para todos os demais aspectos organizativos será de aplicación o referido regulamento orgánico.

Finalmente, en relación co desenvolvemento normativo do grao superior de música e en tanto o Ministerio de Educación e Ciencia non promulgue a normativa básica que regule, entre outros extremos, a mobilidade do alumnado entre as distintas Comunidades Autónomas, cómpre que por parte desta Administración Educativa se adopten as medidas necesarias para dar resposta ás situacións de orde académico que se están a producir nos conservatorios superiores de música de Galicia, co alumnado que provén doutras Comunidades Autónomas, polo que a presente circular establece un procedemento para as situacións de mobilidade do alumnado.

2. **Oferta de prazas nas diferentes especialidades**

O artigo 17 do Real decreto 389/1992, do 15 de abril, establece que os centros superiores de ensinanzas de música terán un mínimo de 240 postos escolares. Para tal fin, a presente circular establece un número de postos escolares para cada un dos cursos, distribuídos por especialidades, e outórgalles un peso maior ás especialidades que conforman o cadro da orquestra sinfónica (ou banda), co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 16 do mencionado real decreto.

En consecuencia, os centros ofertarán, cada ano académico, o número de prazas que se establece no cadro que se xunta, para cada

2



especialidade.

Especialidade	Postos escolares por conservatorio	
	A Coruña	Vigo
Acordeón	6	--
Canto	8	8
Clarinete	16	16
Composición	20	20
Contrabaixo	8	8
Fagot	8	8
Frauta traveseira	8	8
Guitarra	16	16
Instrum. música tradicional e popular	--	12
Jazz	32 (1º curso)	--
Baixo eléctrico	3 (2º curso)	
Batería	2 "	
Contrabaixo	1 "	
Guitarra	2 "	
Piano	2 "	
Saxofón	2 "	
Trombón	1 "	
Trompeta	2 "	
Musicoloxía	--	12
Óboe	8	8
Pedagogía da linguaxe e da educación musical	16	16
Percusión	8	8
Piano	32	32
Saxofón	8	8
Trombón	8	8



Trompa	8	8
Trompeta	8	8
Tuba	8	8
Viola	16	16
Violín	40	40
Violoncello	16	16
Totais	313	284

3. **Matrícula**

Os alumnos e alumnas deberán formalizar matrícula, cando menos, das seguintes materias:

- Especialidade.
- Materias troncais.
- Conxunto, dentro do apartado de "materias obrigatorias", na correspondente especialidade.

O alumnado matriculado no grao superior que curse ademais simultaneamente outra especialidade do grao medio terán que estar matriculados da especialidade de grao medio nun centro profesional.

A matrícula realizarase a un curso dunha materia, non podendo o alumnado matricularse en máis dun curso da mesma. En consecuencia, o alumnado que queira promocionar de curso, dentro da mesma materia, farano polo procedemento establecido no parágrafo seguinte da presente circular.

Os alumnos e alumnas poderán solicitar, ata o mes de febreiro, "ampliación de matrícula" naquelas materias nas que os contidos permitan a realización de máis dun curso no mesmo ano académico. Correspóndelle á Comisión de Coordinación Pedagóxica a concesión das solicitudes presentadas, para a que cumprirá o informe favorable do profesor ou da profesora responsable da materia correspondente. En todo caso, non se poderá ampliar matrícula dunha materia a outra materia distinta.

O alumnado poderá matricularse en materias ubicadas en cursos diferentes das que figuran no curso no que se atope matriculado. En todo caso, a formalización desta matrícula farase nos prazos que cada centro



teña establecidos para o proceso de matriculación.

No caso da materia "Taller de Composición", cando sexa cursada como materia de libre elección, poderá realizarse nun cuatrimestre cunha cuantificación de tres créditos.

O alumnado poderá solicitarlle á dirección do centro a renuncia da matrícula durante o curso ata a convocatoria dos exames ordinarios. A renuncia de matrícula suporá a perda da condición de alumno oficial. A renuncia á totalidade da matrícula será aceptada sempre e non implicará a devolución de taxas.

A renuncia a disciplinas soltas poderase solicitar durante os meses de outubro, novembro e decembro.

O establecido no parágrafo anterior non será de aplicación no caso de materias de ratio 1/1, 1/2 e as de conxunto.

4. **Convocatorias**

Non se admitirá a matrícula cando se esgotaran, nalgunha materia, as catro convocatorias correspondentes. No caso de alumnos e alumnas que cursen máis dunha especialidade, suporá a perda do dereito a continuar os estudos conducentes á especialidade da que a dita materia fose específica, ou ás restantes, de ser común.

As convocatorias ás que se refire o parágrafo anterior computaranse sucesivamente, entendéndose esgotadas sempre que o alumnado se matriculara, aínda que non se presentara ao exame. A estes efectos, o alumnado que, sendo convocado a exame, no compareza ao mesmo cualificarase co termo "non presentado".

Os alumnos e alumnas que teñan esgotadas catro convocatorias poderán solicitar ata o 30 de setembro, ante a dirección do centro, unha convocatoria extraordinaria por circunstancias especiais que deberán xustificar, sen que se poida considerar como xustificación a falta de rendemento escolar. Os centros tramitarán a través da delegación provincial correspondente, antes do 15 de outubro, as solicitudes que presenten os alumnos e alumnas acompañadas dun informe da xefatura de estudos co visto e prace do director ou da directora, no que constarán cantas circunstancias se consideraren relevantes. Unha vez que o Servizo Provincial de Inspección emita o seu informe, darase traslado do expediente á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, para a oportuna resolución.

A norma especificada no parágrafo anterior non será aplicable no suposto de anulación de convocatoria. A anulación de convocatoria



poderase solicitar tanto para a convocatoria de xuño como para a de setembro. Correspóndelle ao director ou á directora do conservatorio conceder a anulación de convocatorias, previo informe da xefatura de estudos, que en todo caso deberá ter unha causa que a xustifique.

5. **Materias de conxunto**

O alumnado poderá solicitar á dirección do centro, en cada curso académico, o recoñecemento de actividades vocais e/ou instrumentais de conxunto, que poderán ser recoñecidas por un número de créditos correspondentes ás materias de libre elección.

As actividades ás que se refire o parágrafo anterior consistirán na participación por parte do alumnado, como instrumentista ou cantante, en grupos de cámara, orquestras, coros, bandas, etc.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica determinará, á vista da documentación presentada polo alumnado, o número de créditos que, de ser o caso, se lle recoñecerán por cada actividade. En todo caso, o número máximo de horas que se poderán validar será de 10 por cada actividade.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, que poderá requirir do alumnado toda a documentación que considere oportuna, valorará especialmente o nivel artístico da actividade susceptible de ser validada, así como o grao de participación do alumnado nela.

Para un axeitado desenvolvemento da materia de Música de cámara, as faltas non xustificadas a esta materia non poderán superar un 10% do total de horas estipuladas para cada curso.

6. **Concerto ou traballo de fin de carreira**

O alumnado poderá formalizar matrícula para a realización do concerto ou traballo fin de carreira unha vez teña superadas tódalas materias e créditos da especialidade correspondente. Dita matrícula deberá ser formalizada nun prazo non superior a 20 días hábiles contados a partir da publicación das actas finais da especialidade correspondente.

O exame correspondente ao concerto ou traballo fin de carreira celebrarase durante un período de tempo non superior a seis meses contados con posterioridade á matriculación do aspirante na dita proba.

O alumnado que non supere o concerto ou traballo fin de carreira poderá presentarse en sucesivas convocatorias. En todo caso, os conservatorios abrirán un prazo coa suficiente antelación para a



matriculación nesta proba para aqueles alumnos ou alumnas que a teñan pendente.

O alumnado matriculado poderá requirir dalgún dos profesores ou profesoras da especialidade correspondente, a través da xefatura de departamento respectiva, orientación sobre a preparación e o desenvolvemento do concerto ou do traballo do que se trate.

Os aspirantes que se presenten ao concerto ou traballo fin de carreira, poderán preparar o mesmo cos pianistas acompañantes do centro. Corresponderalle a cada centro, a través da xefatura de estudos, a organización do tempo dispoñible dos profesores pianistas acompañantes.

O alumnado disporá de catro convocatorias para o concerto fin de carreira. En todo caso, poderá presentarse a dúas convocatorias no mesmo ano.

Os alumnos ou alumnas que teñan esgotadas as catro convocatorias poderán solicitar ante a dirección do centro, unha convocatoria extraordinaria por circunstancias especiais que deberán xustificar. Os centros tramitarán a través da delegación provincial correspondente as solicitudes que presenten os alumnos ou alumnas acompañadas dun informe da xefatura de estudos co visto e prace do director ou da directora, no que constarán cantas circunstancias se consideraren relevantes. Unha vez que o Servizo Provincial de Inspección emita o seu informe, daráselle traslado ao expediente á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, para a oportuna resolución.

7. **Movilidad do alumnado**

Os alumnos ou alumnas que iniciaron os seus estudos do grao superior noutra Comunidade Autónoma e se trasladen á Comunidade Autónoma de Galicia, deberán cursar as materias correspondentes aos cursos xa superados por eles que non se adapten ao currículo desta Comunidade Autónoma, establecido no Decreto 183/2001 do 19 de xullo (DOG do 13 de agosto).

Non obstante o anterior, os alumnos ou alumnas poderán solicitar a validación de materias que teñan superadas no seu centro de orixe, por aquelas do currículo desta Comunidade Autónoma, que teñan relación directa no seu deseño curricular.



Para validar as materias cursadas noutras Comunidades Autónomas, o alumnado xuntará as programacións das materias superadas para que o conservatorio poida establecer cales das materias que figuran no currículo de Galicia lle poden ser validadas.

Será competencia da dirección do centro, previo informe da xefatura de estudos establecer as correspondentes validacións. A xefatura de estudos solicitará, de ser o caso, asesoramento dos diferentes departamentos relacionados coas materias de que se trate.

Ditas validacións deberán de ser engadidas nun anexo ao expediente do alumnado, que asinará o Secretario do centro, co visto e prace do Director. Así mesmo, xuntarse ao expediente do alumno ou alumna toda a documentación relativa ás validacións (solicitud do alumnado, programación do centro de orixe, informe da xefatura de estudos, etc.).

As materias cursadas no centro de orixe que non sexan validables por ningunha das materias que figuran no currículo da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán ser obxecto de recoñecemento como créditos de materias de libre elección, debendo para este suposto, aplicar o mesmo procedemento de adaptación das materias antes citadas.

En calquera caso sempre será esixible, cando menos, que o alumnado trasladado teña cursado o número de horas mínimas que dispón o Real decreto 617/1995, do 21 de abril, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo do grao superior de música.

Para os alumnos ou alumnas trasladados dende outras Comunidades Autónomas con anterioridade á publicación desta circular, faránselle así mesmo as oportunas validacións, de ser o caso, co fin de regularizar os seus expedientes, conforme ao procedemento que aquí se establece ou o que no seu momento foi establecido.

Os alumnos ou alumnas que veñan trasladados doutras Comunidades Autónomas e teñan cursadas materias optativas e/ou de libre elección, seranlles recoñecidas como tales, sen ter que quedar sometidas ao procedemento descrito anteriormente.

8. **Departamentos didácticos**

A configuración dos distintos departamentos didácticos nos conservatorios superiores de música, así como as materias que os integran, son as seguintes:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxtpce@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



Departamento de Vento-madeira

Frauta; Óboe; Clarinete; Fagot; Saxofón; Evolución estilística do repertorio dos instrumentos de vento-madeira; Repertorio orquestral; Historia das diferentes escolas e/ou sistemas dos instrumentos de vento-madeira; Música de cámara/conxunto.

Departamento de Vento-metal

Trompa; Trompeta; Trombón; Tuba; Evolución estilística do repertorio dos instrumentos de vento-metal; Repertorio orquestral; Historia das diferentes escolas e/ou sistemas dos instrumentos de vento-metal; Música de cámara/conxunto.

Departamento de Percusión

Percusión; Repertorio orquestral; Música de cámara/conxunto.

Departamento de Corda

Violín; Viola; Violoncello; Contrabaixo; Evolución estilística do repertorio dos instrumentos de corda; Repertorio orquestral; Historia das diferentes escolas e/ou sistemas dos instrumentos de corda; Música de cámara/conxunto.

Departamento de Guitarra

Guitarra; Evolución estilística do repertorio guitarrístico; Historia das diferentes escolas e/ou sistemas da Guitarra; Música de cámara/conxunto; Notación, tablatura e ornamentación; Transcripción.

Departamento de Pedagogía

Didáctica da música; Fundamentos da técnica do movemento; Didáctica da educación musical; Didáctica da linguaxe musical; Didáctica do conxunto instrumental; Psicopedagogía; Prácticas de profesorado.

Departamento de Piano

Piano; Evolución estilística do repertorio pianístico; Historia das diferentes escolas e/ou sistemas do piano; Música de cámara/conxunto.

Departamento de Piano acompañante

Piano acompañante.



Departamento de Canto

Canto; Italiano; Alemán; Francés; Inglés; Repertorio liederístico; Repertorio operístico e zarzuelístico; Repertorio de oratorio; Escena lírica; Técnica corporal; Educación vocal.

Departamento de Música tradicional e popular

Instrumento principal; Danza tradicional e popular galega; Música tradicional e popular galega; Traballo de campo; Metodoloxía da investigación etnomusicolóxica; Historia da etnomusicoloxía e Conxunto; Música española tradicional e popular; Música tradicional doutras culturas.

Departamento de Composición

Composición; Práctica harmónico-contrapuntística; Harmonía; Contrapunto; Análise; Análise xeral; Análise do século XX; Instrumentación e orquestración; Fundamentos de electroacústica e informática musical; Composición con medios audiovisuais; Taller de composición, Harmonización e arranxos.

Departamento de Orquestra

Orquestra; Coro; Concertación; Coro de cámara; Música de cámara; Dirección coral e instrumental.

Departamento de Musicoloxía

Historia da música; Organoloxía; Historia da música antiga e medieval, Historia da música moderna e contemporánea; Metodoloxía da investigación musicolóxica; Música de tradición oral; Arquivística e biblioteconomía; Socioloxía da música; Canto gregoriano; Notación, Cultura latina; Iconografía musical.

Departamento de Procedementos auditivos e instrumentais

Educación auditiva; Práctica auditiva; Piano complementario; Improvisación e acompañamento; Repentización; Redución de partituras; Composición aplicada; Harmonización e arranxos aplicada; Improvisación, movemento e danza; Rítmica e improvisación.

Departamento de Jazz

Teoría e practica da improvisación; Instrumento principal; Análise da música de Jazz; Educación auditiva de Jazz; Historia do Jazz; Harmonía de Jazz; Composición e arranxos do Jazz.



Nos casos de especialidades ou materias non incluídas na anterior relación, o director ou a directora do conservatorio determinarán, oído o claustro, a que departamento se debe adscribir cada unha delas, en razón da súa afinidade ou da maior eficacia da súa integración.

9. Elección de horarios

Segundo a Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento e dacordo co artigo 91 e 92 da citada orde, dentro do departamento, o criterio básico para a distribución de grupos (para estes efectos, entenderase por grupo, para as materias instrumentais individuais, a ratio 1/1) será a atención ás necesidades pedagóxicas do alumnado. Con esta premisa, é conveniente que a elección de grupos se realice con criterios de equidade e mutuo acordo. No caso extremo de non se dar este acordo a elección realizarase do seguinte xeito:

- Os profesores e as profesoras irán elixindo, en sucesivas roldas, un só grupo de alumnos ou alumnas da materia que desexen impartir. Estas roldas repetiranse sucesivamente ata completar o horario lectivo de todos os membros do departamento.
- O establecido no parágrafo anterior non será de aplicación dentro dos departamentos que están agrupados por familias instrumentais, no suposto da existencia dun só profesor ou profesora por especialidade instrumental.
- No caso de departamentos que agrupen materias afíns, a orde de elección de horarios para estas materias farase unha vez rematadas as sucesivas roldas da materia propia do departamento.

En relación coa especialidade de Piano, en virtude do establecido no Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, e tanto para a elección de horarios como para a adscripción ao departamento, rexerá o seguinte:

- O profesorado do corpo de profesores de música e artes escénicas da especialidade de Piano procedentes da especialidade de Piano teñen prioridade para elixir o horario correspondente a Piano.



- O profesorado do corpo de profesores de música e artes escénicas da especialidade de Piano procedentes da especialidade de Pianista acompañante teñen a obriga e a prioridade para elixir o horario de Pianista acompañante.
- Para completar horario, o profesorado procedente da antiga especialidade de Piano poderá impartir Pianista acompañante, e o procedente da especialidade de Pianista acompañante poderá impartir Piano.
- Estas prioridades non serán aplicables ao profesorado de Piano que accedeu ao corpo de profesores de música e artes escénicas con posterioridade ao establecemento das novas especialidades polo Real decreto 989/2000, do 2 de xuño.

Os criterios establecidos no punto anterior serán de aplicación tamén para as antigas especialidades de Música de cámara e de Repentización instrumental, transposición e acompañamento.

En ningún caso un profesor ou profesora poderán elixir horario de disciplinas afíns en canto non estean totalmente cubertas todas as horas da súa propia especialidade. Asimesmo, un profesor ou profesora especialista non poderá elixir cursos superiores se quedasen os superiores para profesores ou profesoras afíns ou para profesorado interino.

10. **Prácticas de profesorado.**

O alumnado que curse terceiro ou cuarto curso do grado superior da especialidade de Pedagogía da linguaxe e da educación musical deberá realizar as prácticas de profesorado nun conservatorio profesional dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria polo total de créditos correspondentes ao curso no que estea matriculado.

Para realizar ditas prácticas, o alumnado solicitará, por escrito no mes de setembro e ante a dirección do centro no que desexa realizar as prácticas, a admisión como alumno/a en prácticas do departamento de Linguaxe musical, utilizando o modelo de formulario que figura no Anexo I a esta circular, e adxuntando unha copia do resguardo da matrícula no CSMUS.

As prácticas realizaranse ao longo de todo o curso académico cunha duración de 60 horas por curso (6 créditos).



As prácticas estarán coordinadas polo xefe do departamento de Linguaxe musical, que realizará as funcións de titor de prácticas e se encargará da organización e seguimento das mesmas. As prácticas seranlle asignadas preferentemente aos profesores funcionarios de carreira pertencentes á especialidade de Linguaxe musical que previamente mostrasen a súa dispoñibilidade para aceptar alumnado en prácticas.

A certificación da realización das prácticas corresponderalle ao xefe/a do departamento de Linguaxe musical, á vista do informe elaborado polo profesor/a titor/a, utilizando o modelo de formulario que figura nos anexos II e III.

A cualificación final corresponderalle ao xefe do departamento de Pedagogía da linguaxe e da educación musical do conservatorio superior no que estea matriculado o alumno/a, vista a certificación remitida polo conservatorio profesional, e logo de valorar a correspondente memoria das prácticas. O alumnado deberá entregar dita memoria ao xefe deste departamento ao remate do curso académico.

A memoria deberá recoller, como mínimo, a descrición das actividades realizadas no periodo de prácticas así como quince unidades didácticas dunha materia relativa a un curso académico relacionada coa especialidade motivo das prácticas.

As prácticas poderán ser validadas no caso de que o alumnado acredite que desenvolveu a función docente na especialidade obxecto das prácticas nun conservatorio profesional dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por un período mínimo dun curso académico. Correspóndelle á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, resolver ditas validacións, que deberán ser tramitadas polo conservatorio superior de música a petición do interesado.

11. Afinidade das materias do currículo aos distintos perfís profesionais

As materias establecidas no Decreto 183/2001, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do grao superior, que carecen de titulación específica serán impartidas indistintamente por profesorado coa titulación ou da especialidade que deseguido se citan:



Alemán

- Especialidade de Canto.
- Licenciado/a en filoloxía alemana.

Análise

- Especialidade de Fundamentos de composición.

Análise do século XX

- Profesor/a superior de harmonía, contrapunto, composición e instrumentación.

Análise xeral

- Especialidade de Fundamentos de composición.

Arquívística e biblioteconomía

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado en historia e ciencias da música.

Canto gregoriano

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado/a en historia e ciencias da música.

Composición aplicada.

- Especialidade de Linguaxe musical.
- Especialidade de Fundamentos de composición.

Concertación

- Especialidade de Orquestra.
- Especialidade de Coro.

Contrapunto

- Especialidade de Fundamentos de composición.

Conxunto

- Profesor/a superior de música de cámara.
- Profesor/a superior de instrumento.

Coro

- Especialidade de Coro.
- Especialidade de Orquestra.



Coro de cámara

- Especialidade de Coro.
- Especialidade de Orquestra.
- Especialidade de Canto.

Cultura latina

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado en historia e ciencias da música.

Didáctica da educación musical.

- Especialidade de Linguaxe musical.

Didáctica da Linguaxe musical.

- Especialidade de Linguaxe musical.

Didáctica da música

- Doutor/a ou Licenciado/a en Pedagogía (ou ciencias da educación) máis un título superior de música.
- Especialidade de Linguaxe musical.

Didáctica do conxunto instrumental.

- Especialidade de Linguaxe musical.

Dirección coral e instrumental

- Especialidade de Coro.
- Especialidade de Orquestra.
- Especialidade de Linguaxe musical.

Educación auditiva

- Especialidade de Linguaxe musical.
- Especialidade de Fundamentos de composición.

Educación vocal

- Especialidade de Canto.
- Especialidade de Coro.
- Especialidade de Linguaxe musical.

Escena lírica

- Especialidade de Canto.



Evolución estilística do repertorio

- Profesor/a superior do instrumento da especialidade correspondente.

Francés

- Especialidade de Canto.
- Licenciado/a en filoloxía francesa.

Fundamentos da técnica do movemento

- Profesor/a superior de pedagogía.
- Profesor/a superior de solfexo, teoría da música, transposición e acompañamento.

Fundamentos de electroacústica e informática musical

- Profesor/a superior de harmonía, contrapunto, composición e instrumentación, con especialización acreditada.

Harmonía

- Especialidade de Fundamentos de composición.

Harmonización e arranxos aplicada.

- Especialidade de Linguaxe musical.
- Especialidade de Fundamentos de composición.

Historia das diferentes escolas e/ou sistemas

- Profesor/a superior da especialidade correspondente.

Historia da música antiga e medieval

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado/a en historia e ciencias da música.

Historia da música moderna e contemporánea

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado/a en historia e ciencias da música.

Iconografía musical

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado/a en historia e ciencias da música.

Improvisación e acompañamento

- Profesor/a superior de solfexo, teoría da música, transposición e acompañamento.



- Especialidade de Fundamentos de composición.

Improvisación, movemento e danza.

- Especialidade de Linguaxe musical.

Instrumentación e orquestración

- Profesor/a superior de harmonía, contrapunto, composición e instrumentación.

Inglés

- Licenciado/a en filoloxía inglesa.
- Especialidade de Canto.

Italiano

- Licenciado/a en filoloxía italiana.
- Especialidade de Canto.

Jazz

- O profesorado desta especialidade será regulado según o artigo 96.2 e 96.3 da Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Metodoloxía da investigación musicolóxica

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado/a en historia e ciencias da música.

Música española tradicional e popular.

- Especialidade de Linguaxe musical.
- Profesor superior de musicoloxía.

Música tradicional doutras culturas.

- Especialidade de Linguaxe musical.
- Profesor superior de musicoloxía.

Música de tradición oral

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado/a en historia e ciencias da música.

Notación

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado/a en historia e ciencias da música.

Notación, tablatura e ornamentación

- Especialidade de Guitarra.



Organoloxía

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado/a en historia e ciencias da música.

Piano complementario

- Especialidade de Piano.
- Profesor/a superior de solfexo, teoría da música, transposición e acompañamento.

Práctica auditiva

- Especialidade de Linguaxe musical.
- Especialidade de Fundamentos de composición.

Prácticas de profesorado

- Especialidade de Linguaxe musical.

Práctica harmónico-contrapuntística

- Especialidade de Fundamentos de composición.

Psicopedagogía.

- Licenciado/a en pedagogía musical.
- Licenciado/a en psicopedagogía.
- Especialidade de Linguaxe musical.

Redución de partituras

- Profesor/a superior de solfexo, teoría da música, transposición e acompañamento.
- Especialidade de Fundamentos de composición.

Repentización

- Profesor/a superior de solfexo, teoría da música, transposición e acompañamento.
- Especialidade de Fundamentos de composición.

Repertorio operístico e zarzuelístico, liederístico e de oratorio

- Especialidade de Canto.

Repertorio orquestral

- Profesor/a superior da especialidade correspondente.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



Rítmica e improvisación.

- Especialidade de Linguaxe musical.

Socioloxía da música

- Profesor/a superior de musicoloxía.
- Licenciado/a en historia e ciencias da música.

Técnica corporal

- Especialidade de Canto.

Transcrición

- Especialidade de Guitarra.

Música tradicional e popular española.

- Profesor/a superior de Musicoloxía, Licenciado en Xeografía e Historia.

Para a impartición do instrumento principal da especialidade de Instrumentos da música tradicional e popular, terá prioridade o profesorado que posúa unha titulación superior de música, ademais do diploma elemental de Gaita, conforme o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, ou o título profesional de Gaita que regula o Decreto 253/1993, do 29 de xullo. Para impartir as materias propias desta especialidade terá prioridade o profesorado pertencente ao departamento de Musicoloxía.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2007

O Director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais



Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez

Subdirección Xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxlpee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



ANEXO I

Don/dona _____, con
D.N.I _____, matriculado no curso 20__/20__, na especiali-
dade de Pedagogía da Linguaxe e da educación musical no Conservatorio
Superior de música de _____, solicita ser admitido/a como
alumno/a en prácticas no Conservatorio Profesional de música de
_____, durante o curso 20__/20__, no que realizará
un total de 6 créditos por curso.

Para que así conste aos efectos oportunos, firmo a presente solicitude
en _____, a ____ de _____ de 20_____.

Firma

A/A do Sr./a Director/a do Conservatorio Profesional.

Subdirección Xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.



ANEXO II

Don/dona _____, xefe/a
do Departamento de Linguaxe Musical do Conservatorio profesional de
música de _____, informa que o/a alumno/a
_____ realizou con aproveitamento as prácticas
de profesorado para o _____ curso da especialidade de Pedago-
xía da linguaxe e da educación musical por un total de seis créditos, res-
pondendo positivamente/negativamente a todas as indicacións do profe-
sor/a titor/a.

Para que así conste e aos efectos oportunos, asino o presente informe
en _____, a ____ de _____ de 20_____.

Asdo.:

Asdo.:

VºBº do/a Director/a

O xefe/a do departamento

A/A do Xefe/a do Departamento de Pedagogía da Linguaxe e da Educación Mu-
sical do Conservatorio Superior.



ANEXO III

Don/dona _____, xefe/a do

Departamento de Linguaxe Musical do Conservatorio profesional de mú-

sica de _____, informa que o/a alumno/a

_____, matriculado no _____ curso da

especialidade de Pedagogía da linguaxe e da educación musical no

CSMUS de _____, NON ACADOU OS OBXECTIVOS PREVISTOS na

realización das prácticas de profesorado realizadas neste conservatorio

durante o curso escolar 20__ 20__.

Para que así conste e aos efectos oportunos, asino o presente informe en

_____, a ____ de _____ de 20__.

Asdo.:

Asdo.:

VºBº do/a Director/a

O xefe/a do departamento

A/A do Xefe/a do Departamento de Pedagogía da Linguaxe e da Educación Mu-
sical do Conservatorio Superior.

